

IES CONCEPCIÓN ARENAL
DEPARTAMENTO DE LATÍN



LATÍN

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º DE ESO

CURSO
2022-2023

Índice

1.	RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS E CONTIDOS TRANSVERSAIS	3
1.1.1.	RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS	3
1.1.2.	CONTIDOS TRANSVERSAIS	3
2.	OBXECTIVOS	4
2.1.	OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.....	4
2.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO LATÍN	5
2.2.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 4º DE ESO.....	6
3.	COMPETENCIAS CURRICULARES PARA A ÁREA DA ESO	6
4.	CONTIDOS	10
4.1.	CONTIDOS MÍNIMOS	10
4.2.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ÉSTANDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIAS CLAVE DE CADA TEMA.....	11
4.3.	PERIODIZACIÓN DE CONTIDOS.....	15
4.3.1.	CONTIDOS CONCEPTUAIS E COMPETENCIAS DE CADA UNIDADE	16
UNIDADE I.....	16
UNIDADE II	16
UNIDADE III	17
4.3.2.	CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	18
4.3.3.	CONTIDOS ACTITUDINAIS	18
5.	METODOLOXÍA	18
6.	AVALIACIÓN	19
6.1.	CRITERIOS XERAIS	19
6.2.	INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO.....	20
6.3.	AVALIACIÓN DE CONTIDOS.CRITERIOS ESPECÍFICOS.....	21
6.4.	AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	23
6.5.	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	24
6.6.	ALUMNOS QUE DESEXEN CAMBIAR DE OPTATIVA DURANTE OCURSO.....	25
7.	PLAN DE REFORZO.....	25
8.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	25
9.	ALUMNOS REPETIDORES.....	25
10.	OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO.....	26
10.1.	PLAN LECTOR.....	26
10.2.	EXCURSIONS E OUTRAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	26

1. RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS E CONTIDOS TRANSVERSAIS

1.1. RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS

Área de linguas. Aínda cos conceptos lingüísticos cos que se traballa en Latín son elementais, non deixan de ter a súa utilidade para un mellor coñecemento das linguas romances do currículo (galego, castelán, italiano ou francés) e tamén do inglés. O traballar con conceptos como composición e derivación, evolucións fonéticas e morfolóxicas do latín ao galego e castelán, etimoloxías, cultismos, expresións latinas e gregas de uso actual... resulta evidentemente enriquecedor para perfeccionar o manexo das demais linguas.

Área de historia e arte. Aparte de axudar ao coñecemento da historia de Roma e das características das súas etapas (Monarquía, República e Imperio), a contribución máis importante desta materia e a valoración da intrahistoria, é dicir, de todos os aspectos da vida cotiá (educación, familia, diversións, comidas, vestido e peiteado, relixión, mitoloxía...) que axudarán, sen dúbida, a unha mellor comprensión global do mundo latino e a súa influencia no mundo actual. Por outra banda, ao traballar con fotos, películas, diapositivas e documentais o alumnado terá contacto coas distintas expresións artísticas da Antigüidade, sempre presentes neste tipo de documentos.

Área de ciencias e tecnoloxía. Neste apartado a materia axudará a comprender mellor a terminoloxía tecnolóxico-científica na que abundan vocábulos que proceden directamente do latín. Así mesmo, o coñecemento de como se facían as casas, estradas, pontes, campamentos, máquinas de guerra... pode ser útil na área de tecnoloxía sobre todo se se comprenden as dificultades e a imaxinación que empregaron os antigos para superalas.

1.2. CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a paz. A partir da comparación dos conflitos armados da Antigüidade e os actuais, o alumno deberá comprender a inutilidade da violencia como medio para a resolución de conflitos e de cómo, antes e agora, o diálogo e o respecto poden aportar mellores solucións.

Educación para a igualdade.

- De raza: meditar sobre os conflitos raciais no mundo romano e o actual, percibindo as semellanzas e diferenzas na natureza deses conflitos, para reflexionar sobre a incoherencia do racismo.
- De sexos: tras o estudo da situación da muller en Roma, valorar os avances que houbo até agora e a loita que as mulleres levaron e levan a cabo para conseguir a igualdade de dereitos. Reflexionar tamén sobre a homosexualidade e a súa consideración na Antigüidade en comparación coa de hoxe en día.
- De culturas: valorar, coñecer e respectar, sen prexuízos, ás distintas culturas en todas as súas manifestacións: sociedade, arte, lingua, relixión...
- De clases: comparar os distintos estamentos sociais na Antigüidade e no mundo actual e valorar a loita e os avances cara a igualdade pero tamén concienciarse dos anacronismos aínda existentes.

Educación para a participación e a democracia: Coñecer e comparar os distintos sistemas políticos de Roma e valorar a importancia de poder participar no goberno e nas decisións que nos afectan a todos. Comprender por medio da participación nos debates de aula o valor que teñen tanto as nosas opinións e

suxestións como as dos demais e tomar conciencia de que a participación non atinxe só ao feito de votar ou opinar, senón tamén no contacto con asociacións de todo tipo: culturais, deportivas, ONGs...

Educación para a mellora do medio ambiente: O Departamento comprométese a apoiar o coidado do ambiente non só cos consellos de reciclaxe ou limpeza nas aulas, senón tamén por medio de lecturas ou traducións de textos clásicos relacionados coa natureza, o medio ambiente e de como facían no antigo mundo clásico co problema da recollida de residuos nas grandes cidades e tamén coa canalización e aproveitamento da auga.

Educación para a liberdade: Valorar por medio de exemplos, que dabondo hai no mundo antigo, os efectos que supón a coacción da liberdade dun individuo e considerar na súa xusta medida a importancia que ten o poder expresarse e vivir segundo as regras de cada un, sempre respectando as dos demais. Pero isto non afecta só a liberdade individual; sabemos e podemos comprender, analizando a historia antiga, os efectos que pode causar unha dominación pola forza dun pobo sobre outro, por iso, cabe tamén valorar o dereito dos pobos para elixir o seu propio destino.

2. OBXECTIVOS

2.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de *Hispania* e mais en concreto de *Gallaecia*, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua latina como elemento fundamental para o mantemento da identidade de *Hispania* e mais en concreto de *Gallaecia*, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade de linguas románicas.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS DO LATÍN

A materia de Latín ten como obxectivo xeral, tal como aparece exposto no Deseño Curricular Base, o coñecemento daqueles aspectos que conforman a nosa cultura herdados da cultura latina. Este obxectivo xeral deberase manifestar tanto no relativo aos coñecementos como nos valores e actitudes que dos primeiros se deriven. A lingua e a cultura non son produto do azar, senón dunha tradición de séculos, e a meirande parte dos esquemas culturais que rexen no noso entorno máis próximo teñen unha explicación no pasado. Pretendemos acadar que os coñecementos derivados do estudo desta materia non só teñan un fin en si mesmos, senón máis ben, un carácter interdisciplinar:

A. Obxectivos relativos a lingua e a cultura

- ✓ No apartado lingüístico, coñecer as orixes do galego e do español para facilitar a comprensión de ambas as dúas linguas nos seus aspectos fonético, morfolóxico, sintáctico, semántico e ortográfico. Iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura
- ✓ No apartado cultural, o achegamento ao mundo clásico debe ter como obxectivo máis inmediato o coñecer os esquemas de pensamento aínda presentes na actualidade e o seu reflexo na literatura e nas artes en xeral.

B. Obxectivos relativos a valores e actitudes

- ✓ Valoración da propia identidade lingüística e cultural, entendendo que só se pode respectar aos demais pobos e crenzas cando se coñecen e respectan as propias.
- ✓ Revalorización do mundo do espírito e da reflexión, mostrando que a grandeza dunha civilización non se basea na posesión da riqueza senón da cultura.
- ✓ Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como os prexuízos cara as distintas opcións sexuais.
- ✓ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, conseguir novos coñecementos. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, a capacidade para aprender a aprender e asumir responsabilidades.
- ✓ Rexeitar a violencia e resolver pacificamente os conflitos.

2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 4º de ESO

- Comprensión do mundo clásico:
 - ✓ Situación xeográfico- temporal da cultura latina e a os trazos básicos da súa historia.
 - ✓ Coñecer e valorar as características máis relevantes da vida cotiá no mundo clásico.
 - ✓ Recoñecemento das características máis relevantes da lingua latina e comprender textos latinos sinxelos.
 - ✓ Comprensión e identificación dos elementos máis importantes da mitoloxía clásica.

- Influencia do mundo clásico na cultura occidental:
 - ✓ Recoñecemento no espazo e no tempo daqueles fenómenos especialmente relevantes da cultura latina que permanezan vivos no entorno e que sexan facilmente discernibles e situables.
 - ✓ Recoñecemento da débeda lingüística do galego e castelán coa lingua latina no ámbito dos topónimos, cultismos, tecnicismos, fraseoloxía...
 - ✓ Recoñecemento da débeda gramatical do galego e castelán co latín. Presenza do latín noutras áreas do currículo: identificación e comprensión da terminoloxía específica de cada área que teña orixe greco-latina.
 - ✓ Recoñecemento da influencia da mitoloxía clásica na cultura actual, fundamentalmente no ámbito literario, artístico e relixioso.

Todos estes obxectivos baséanse nos indicados na programación na que tamén se fai referencia á súa especificidade e profundidade de acordo co nivel esixido para cada un dos temas.

Se algún alumno non logra acadar estes obxectivos, o profesor poderá modificar calquera dos elementos (obxectivos, contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación) desta programación didáctica para dar resposta as diferentes necesidades educativas dos alumnos e das alumnas, sempre de acordo coa orde da Consellería de Educación do 6 de outubro de 1999 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Esta adaptación, pola que o alumno ten que amosar interese e solicitar, terá que ser, en todo caso, individualizada, tendo en conta non só a capacidade do alumno ou a súa puntual inadaptación a algún dos elementos do currículo, senón tamén o seu entorno familiar e social.

3. COMPETENCIAS CLAVES PARA A ÁREA DA ESO

As competencias sinalan un marco xeral, que logo se concretará nuns obxectivos, uns contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais) e nuns criterios de avaliación específicos para cada unidade. Nalgúns casos, e dada a conexión entre os distintos temas da materia, repetirase o enunciado de ditas competencias nas diferentes unidades.

A. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, ás normas de comunicación á comunicación coas outras linguas. Neste marco desenvolvemos as seguintes habilidades:

- ✓ Recuperar, interpretar, organizar e comprender a información dun texto escrito ou oral a información dun texto facendo reflexión sobre ela.
- ✓ Manter unha actitude positiva cara a lectura.
- ✓ Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- ✓ Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais
- ✓ Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- ✓ Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoitar atentamente ao interlocutor.....
- ✓ Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- ✓ Entender o contexto sociocultural de la lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.
- ✓ Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- ✓ Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- ✓ Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

B. COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Con esta competencia preténdese un achegamento do alumnado ás fontes principais de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente en todo o relativo ás novas tecnoloxías como instrumento para a busca de información específica sobre aspectos concretos do mundo antigo. Para desenvolver esta competencia se traballarían as seguintes habilidades:

- ✓ Recollida de fontes, destacando a recollida de información en Internet.
- ✓ Análise de distintos tipos de fontes: primarias e secundarias; escritas, materiais, iconográficas e orais.
- ✓ Comparación de fontes e análise de contradicións e diverxencias
- ✓ Análise de distintos niveis de información: implícita e explícita; relevante e non relevante; obxectiva e subxectiva.
- ✓ Análise crítica de información.
- ✓ Valoración de fontes: a súa utilidade; o seu obxectivo; o grao de fiabilidade e manipulación.
- ✓ Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- ✓ Comprender as mensaxes que veñen nos distintos medios de comunicación

C. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

Trátase de manexar correctamente a información mediante unha serie de técnicas organizativas da mesma (elaboración de esquemas, subliñado de textos, confección de mapas e organigramas...), para potenciar que o alumnado adquira certa autonomía en relación coas fontes ás que se poda enfrontar en cursos posteriores. Isto farase asumindo unha serie de habilidades entre as que se atoparían as seguintes:

- ✓ Traballar con distintas fontes de información.
- ✓ Redactar un texto descritivo.
- ✓ Realizar mapas conceptuais.
- ✓ Subliñar ideas principais e secundarias
- ✓ Elaborar resúmenes.
- ✓ Confeccionar traballos por escrito coas súas partes ben diferenciadas
- ✓ Elaboración de temas de carácter biográfico-mitolóxico.
- ✓ Distinción de factores determinantes dunha situación: causas, desenvolvemento, consecuencias.

D. COMPETENCIA DO SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Trata da potenciación de valores importantes no ser humano como son o autocontrol, a autoestima e a creatividade que permitan ao alumnado formarse como persoa e enfrontarse a diferentes situacións na vida. As habilidades que habería que potenciar son, pois, as seguintes:

- ✓ Elixir con criterio propio.
- ✓ Tomar decisións.
- ✓ Imaxinar proxectos de futuro de forma realista e ambiciosa.
- ✓ Criticar posturas ou defender argumentos propios
- ✓ Planificar e executar o planificado.
- ✓ Imaxinar como tería podido cambiar unha situación se se variara unha das causas que a produciron.
- ✓ Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- ✓ Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
- ✓ Xestionar o traballo en grupo coordinando tarefas e tempos e contaxiando entusiasmo por esas tarefas
- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

E. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA(CMCCT)

Trátase de promover o coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos e a vida saudable; de comprender a importancia da ciencia no día a día e de manexar elementos matemáticos. As habilidades nesta competencia serían:

- ✓ Interactuar co entorno natural de forma respectuosa, comprometéndose co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- ✓ Respectar e preservar a vida dos seres vivos do entorno
- ✓ Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no entorno natural e as repercusións cara a vida futura.
- ✓ Desenvolver hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.
- ✓ Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- ✓ Aplicar métodos científicos para mellorar a comprensión da realidade.
- ✓ Manexar coñecementos de ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas comprender o que sucede no noso arredor e responder preguntas.
- ✓ Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos.
- ✓ Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- ✓ Expresarse con propiedade nona linguaxe matemática.

F. COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

Trátase de promover no alumnado a utilización da obra de arte como fonte de información ao tempo que se promove o respecto pola herdanza cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico e posterior, estimulándoo para a formación do seu espírito estético. As habilidades que se desenvolverían nesta competencia serían:

- ✓ Interpretar planos de monumentos antigos.

- ✓ Analizar obras de arte para extraer información histórica e social.
- ✓ Valorar a importancia do patrimonio cultural doutras épocas.
- ✓ Análise da permanencia do pasado no presente, investigando en concreto as pegadas artísticas no mundo clásico no entorno máis inmediato.
- ✓ Interpretar o simbolismo nas obras de arte.
- ✓ Adquirir un vocabulario específico.
- ✓ Comparar obras de arte de distintos estilos.
- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- ✓ Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto no ámbito cotiá.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

G. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A través do estudo da sociedade e da política no mundo antigo potenciarse mediante esta competencia as habilidades que persigan a participación activa na vida cívica e a reflexión sobre os cambios sociais. Estas habilidades serían as seguintes:

- ✓ Reflexión crítica sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes, tanto no pasado como no presente.
- ✓ Exercicio de diálogo.
- ✓ Traballos en grupo.
- ✓ Participación en debates non que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais.
- ✓ Utilización do xuízo moral para elixir e tomar decisións. Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades
- ✓ Valoración dos intereses persoais e os do grupo á hora de tomar decisións.
- ✓ Involucrarse ou promover accións cun fin social.

A. COMPETENCIA DE LOCALIZACIÓN ESPACIAL E TEMPORAL

Trátase da necesidade de insistir en presentar correctamente o ámbito xeográfico-espacial e temporal das civilizacións clásicas, é dicir, os territorios orixinais da civilización helénica e a súa posterior área de colonización, así como o ámbito no que xurdiu a civilización romana e o entorno xeográfico cara o que se expandiu dando lugar a un punto común da nosa civilización europea. Igualmente créase a necesidade de concretar o momento cronolóxico no que se desenvolven ambas civilizacións. Para obter esta competencia teríamos que traballar as seguintes habilidades.

- ✓ Estudo de mapas para localizar o entorno xeográfico das civilizacións clásicas e a súas respectivas expansións.
- ✓ Interpretar fontes iconográficas para extraer información histórica e situala nun período determinado.
- ✓ Ordenar repertorios en situación correcta.
- ✓ Coñecer o que cambia e o que permanece ao longo do tempo
- ✓ Analizar a información contida en fontes documentais diferentes

B. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Trátase de promover no alumnado a utilización da obra de arte como fonte de información ao tempo que se promove o respecto pola herdanza cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico e posterior, estimulándoo para a formación do seu espírito estético. As habilidades que se desenvolverían nesta competencia serían:

- ✓ Interpretar planos de monumentos antigos.
- ✓ Analizar obras de arte para extraer información histórica e social.
- ✓ Valorar a importancia do patrimonio cultural doutras épocas.
- ✓ Analizar a vixencia do pasado no presente, investigando en concreto as pegadas artísticas no mundo clásico no entorno máis inmediato.
- ✓ Interpretar o simbolismo nas obras de arte.
- ✓ Adquirir un vocabulario específico.
- ✓ Comparar obras de arte de distintos estilos.

C. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

A través do estudo da sociedade e da política no mundo antigo potenciarase mediante esta competencia as habilidades que persigan a participación activa na vida cívica e a reflexión sobre os cambios sociais. Estas habilidades serían as seguintes:

- ✓ Reflexión crítica sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes, tanto no pasado como no presente.
- ✓ Exercicio de diálogo.
- ✓ Traballos en grupo.
- ✓ Participación en debates non que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais.
- ✓ Utilización do xuízo moral para elixir e tomar decisións.
- ✓ Valoración dos intereses persoais e os do grupo á hora de tomar decisións.

4. CONTIDOS

4.1. CONTIDOS MÍNIMOS

Estes contidos serán os mínimos esixibles para que un alumno poda superar os cursos, o que non implica que nas probas regulares, loxicamente, sexan máis amplos. Serán, non obstante, os que se respecten nas probas **extraordinaria de xuño** e de **pendentes**. Se o departamento considera que, por algún motivo, estes contidos deben variar, terá que expoñer os cambios no taboleiro do departamento e informar a todo o alumnado con suficiente antelación.

Contidos histórico- culturais

- ✓ As civilización latina e o seu marco xeográfico. Periodización da historia de Roma.
- ✓ Mitoloxía. Deuses e heroes. Os mitos nas artes plásticas e na literatura.
- ✓ Institucións e vida cotiá.
- ✓ Relixión: oráculos, sacerdotes, sacrificios. O culto aos mortos.
- ✓ Arquitectura: teatro, anfiteatro, circo, as estradas, os acuedutos. A vivenda.
- ✓ Sociedade: a xornada cotiá no mundo clásico. A presenza e papel da muller en Grecia e Roma. As clases sociais e os seus conflitos. Actividades lúdicas e deportivas na Antigüidade.
- ✓ As pegadas materiais da Romanización.
- ✓ Valoración do papel de Roma na historia de Occidente, respecto pola herdanza do seu patrimonio arqueolóxico, artístico e literario e interese pola lectura de textos da literatura latina.

Lingua:

- ✓ Indoeuropeo, latín e linguas romances.
- ✓ O alfabeto: orixe e pronunciación. Os números romanos. Pronunciación e acentuación do latín.

- ✓ O latín como lingua flexiva. Principais conceptos gramaticais do latín
- ✓ Estruturas oracionais básicas.
- ✓ Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e vixencia do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.
- ✓ Do latín ao galego e castelán: principais cambios fonéticos vocálicos e consonánticos.
- ✓ Latín culto e latín vulgar.
- ✓ Epigrafía latina. Expresións latinas de uso actual.
- ✓ Formación de palabras: composición e derivación. Etimoloxías.
- ✓ A influencia do latín na linguaxe tecnolóxico-científica.
- ✓ Valoración da orixe común das principais linguas europeas, interese pola adquisición de novo vocabulario, respecto polas demais linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.

4.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ÉSTANDARES DE APRENDIZAXE COMPETENCIAS CLAVE DE CADA TEMA

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B2.2. Orixe do alfabeto latino.	▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	▪ CAA ▪ CD
▪ h	▪ B2.3. Pronuncia do latín.	▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	▪ CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
▪ b	▪ B3.1. Formantes das palabras.	▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	▪ CMCCT ▪ CCL
▪ e	▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	▪ CAA ▪ CCL
▪ e ▪ b	▪ B3.3. Concepto de declinación e conjugación.	▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conjugación.	▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conjugación.	▪ CAA ▪ CCL
▪ b ▪ e	▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	▪ CD ▪ CCL ▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ e	▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	▪ LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado. ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CAA
▪ e ▪ b ▪ h ▪ ñ ▪ o	▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non	▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
Bloque 4. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Casos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCA CCL
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización				
<ul style="list-style-type: none"> a f e ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Períodos da historia de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CD
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CMCCT

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> a ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> c ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. A familia romana. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> l n 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> n ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> d e ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC
Bloque 6. Textos				
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> d o 	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	
▪ h	▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	▪ CCL ▪ CAA
▪ l ▪ f	▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
▪ b	▪ B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	▪ LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	▪ CCL
▪ g	▪ B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	▪ LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	▪ CCL
Bloque 7. Léxico				
▪ h ▪ ñ ▪ o	▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	▪ LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
▪ b ▪ ñ ▪ o	▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	▪ CMCCT ▪ CCL
▪ l ▪ ñ ▪ o	▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	▪ CCL
▪ e ▪ b	▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual.	▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

4.3.. PERIODIZACIÓN DOS CONTIDOS .

O curso dividirase en tres unidades de tres meses de duración cada unha. Esta distribución temporal é orientativa e pode ser flexible dependendo da marcha do curso é das necesidades que o profesor crea convenientes. Nos contidos conceptuais, cada unidade estará dividida en dous bloques, un de histórico-cultural e outro de lingua.

4.3.1. Contidos conceptuais

Unidade I

☐ Contidos histórico-culturais

- O marco xeográfico da cultura romana: os territorios de Italia e a illa de Sicilia. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.
- Fundación da cidade de Roma. A Roma *quadrata*. As colinas de Roma.
- A orixe lendaria da cidade romana. Uso de fontes clásicas para coñecer o pasado.
- Monarquía e Senado na Roma primitiva.
- O interregno.
- Os sete reis de Roma.
- A sociedade romana na época dos reis primitivos. Uso de fontes clásicas para coñecer o pasado.
- As loitas sociais entre patricios e plebeos.
- Lendas sobre Hércules
- O mito das Musas e de Medusa e o seu legado cultural.
- Hispania: A Torre de Hércules, Edeta, Tarraco.

☐ Contidos de lingua

- Do indoeuropeo ao grego e o latín. Do latín ás linguas romances.
- Os antigos topónimos de Italia
- O alfabeto. Orixe do alfabeto latino. Pronunciación e acentuación.
- O concepto de flexión.
- Substantivos e adxectivos latinos. O enunciado dos substantivos.
- As oracións atributivas e o caso nominativo.
- As oracións predicativas e as desinencias verbais.
- Os casos xenitivo e ablativo.
- As oracións transitivas e intransitivas.
- O acusativo.
- O infinitivo latino
- Presente do verbo *sum*.
- Presente dos verbos non copulativos.
- Concordancia morfosintáctica.
- Formación de palabras mediante derivación e composición.
- Vocabulario específico procedente do Latín no campo lingüístico, Ciencias Naturais e Astronomía.
- Vocabulario sobre a escola, material escolar e zoo.

Unidade II

☐ Contidos históricos-culturais

- Xulio César e o final da República.
- A guerra das Galias e a Guerra Civil).
- A dictadura de César.

- Reorganización do Estado.
- O ascenso da Roma imperial.
- Octavio Augusto, A *Pax Romana* e a extensión e división do Imperio.
- A *Hispania Romana*. *Gallaecia*. Orixe e evolución.
- Roma e Constantinopla.
- Os nomes da antiga Península Ibérica.
- Cartaxineses e Romanos en Hispania.
- A romanización de *Hispania* e a súa pegada na Vía da Prata. A romanización de *Gallaecia*.
- A división da Península en provincias.
- Os mitos de Faetón, Orfeo, Dédalo e Teseo e o seu legado cultural.
- Hispania: Itálica, Lucus Augusti, Caesaraugusta, As Médulas.

☐ Lingua

- A terceira declinación. Semellanzas e diferenzas coa primeira e a segunda.
- O xénero neutro (2ª e 3ª declinacións): características e diferenzas fronte ao masculino e feminino.
- O caso vocativo.
- Réxime e uso de preposicións.
- O enunciado dos adxectivos latinos.
- O pretérito imperfecto de indicativo.
- Repaso dos contidos estudados até agora.
- Formación de palabras mediante derivación e composición.
- Vocabulario específico procedente das linguas clásicas no campo da Medicina, da Física, da Química, da Historia e da Xeografía.
- Vocabulario sobre as profesións latinas, as partes do corpo humano, e sobre as viaxes.

Unidade III

☐ Contidos histórico-culturais.

- A relación cultural entre o mundo grego e romano.
- O legado de Grecia na arte romana e a contribución de Roma.
- O legado de Roma: o dereito civil.
- O *Corpus Iuris Civilis*.
- A influencia da política romana.
- A arte romana e a súa influencia.
- A influencia romana na literatura occidental.
- A orixe lendaria de Afrodita, de Prometeo e de Edipo e o seu legado na historia da cultura e o arte universais.
- O legado clásico no museo do Prado e nos distintos museos de Galicia.
- Os mitos de Afrodita, Prometeo e Edipo e o seu legado cultural
- Hispania: *Segobriga*, *Pollentia*, *Complutum*, *Emerita Augusta*

☐ Lingua

- O caso dativo.
- 4ª e 5ª declinacións.
- O pretérito perfecto do verbo *sum* e dos verbos predicativos.
- O futuro imperfecto.
- Vocabulario específico procedente do Latín no campo da Filosofía, Psicoloxía, Arte e Música.
- Repaso do sistema das formas verbais estudadas.

- Repaso e afianzamento dos contidos traballados durante o curso.

4.3.2. Contidos procedementais.

- ✓ Lectura de textos clásicos motivadores e de interese acerca dos contidos conceptuais propostos.
- ✓ Realización de exercicios que afiancen os conceptos (lingüísticos e histórico-culturais) traballados en todas as unidades.
- ✓ Comprensión morfosintáctica de textos latinos sinxelos e a súa tradución.
- ✓ Creación de diálogos sinxelos a partir dunha situación comunicativa.
- ✓ Recoñecemento do vocabulario latino, con explicación previa da súa evolución posterior, relacionado co temario. Recoñecemento das expresións latinas de uso actual e dos étimos da terminoloxía doutras áreas (científico-tecnolóxica, historia, filosofía,...)
- ✓ Comparación entre a vida privada, a vida pública e as institucións clásicas e as da actualidade: semellanzas e diferenzas.
- ✓ Visualización de diapositivas, transparencias, material da rede informática e vídeos que completen e axuden a comprender os contidos.
- ✓ Utilización de planos de Roma, Pompeia e de plantas de edificios. Utilización de mapas das redes viarias.
- ✓ Lectura e interpretación de textos relacionados coa influencia do mundo grego na civilización romana.
- ✓ Lectura e interpretación de textos relacionados co marco xeográfico e histórico da *Hispania Romana* e *Gallaecia*.
- ✓ Lectura e interpretación de textos relacionados coa mitoloxía e a relixión.
- ✓ Lectura e interpretación de textos relacionados coa historia de Roma.
- ✓ Busca e información dos personaxes da mitoloxía tratados no programa

4.3.3. Contidos actitudinais.

- ✓ Curiosidade por coñecer a vixencia da cultura clásica nas manifestacións da cultura occidental.
- ✓ Amosar curiosidade por recoñecer as analoxías das linguas romances pola súa orixe no latín.
- ✓ Curiosidade por comprender a formación de palabras na súa evolución fonética do latín ás linguas romances.
- ✓ Capacidade de elaboración de frases sinxelas sobre imaxes.
- ✓ Interese pola lectura dos textos clásicos como medio de aproximación á nosa cultura.
- ✓ Interese por comprender os étimos procedentes do Latín nas distintas disciplinas tanto de Letras como de Ciencias,
- ✓ Reforzo da propia identidade cultural latina que nos asemella e nos une a outros países europeos.
- ✓ Interese e respecto por todas as culturas e linguas que delimitan e dan contido ao concepto de “Europa”.
- ✓ Interese e respecto pola democracia e as súas institucións.
- ✓ Utilización de fontes primarias e secundarias e doutros recursos para situar no espazo e no tempo as distintas fases da historia de Roma.
- ✓ Capacidade de traballo e en grupo.
- ✓ Respecto por coñecer o patrimonio cultural aportado polos romanos.

5. METODOLOXÍA

Neste apartado as liñas xerais veñen marcadas polo exposto nos contidos procedementais. En principio tratarase de que o alumnado participe activamente no proceso de aprendizaxe, sendo o profesor o guía e o referente de consulta, de aí que as actividades que se programen na aula teñen que ser dinámicas e altamente participativas. Utilizarase o libro Latín 4º ESO da editorial Santillana como texto de cabeceira pero este libro non será máis que un apoio de referencia e consulta para o alumnado e o seu deseño non se ten porque cumprir estritamente.

Basicamente o traballo na aula, individual ou colectivo, será a base para a adquisición de coñecementos, para isto o profesor contará co material de apoio seguinte:

- Traballo sobre textos latinos sinxelos onde o alumnado practicará os coñecementos morfosintácticos adquiridos e a arte da tradución
- Exercicios gramaticais de diversa índole.
- Libros de lectura, ben de autores clásicos, ben doutros autores. Cremos que a lectura de textos e o seu comentario é de suma importancia para entender o mundo clásico. Os textos serán sempre contextualizados previamente e o seu contido non ha de ter moitas complicacións.
- Vídeos ou DVDs de películas ou documentais referidos ao mundo clásico. Sobre todo en determinados temas (vivenda, construción de pontes, estradas, murallas, edificios públicos...) as imaxes audiovisuais son moi necesarias para a comprensión dos contidos. As películas, por suposto comentadas, tamén axudan a reter determinados conceptos e a provocar un debate participativo na aula.
- Traballo con imaxes mitolóxicas. Procuraranse imaxes nas que se explique a mitoloxía a través das súas manifestacións artísticas, greco-latinas ou non. O traballo con elas é, polo tanto, moi útil non só para comprender o mundo dos deuses e heroes senón tamén para valorar a súa importancia dentro do mundo das artes.
- Traballo sobre mapas. Importante para situar con precisión do marco da cultura grecolatina
- Xogos (encrucillados, sopas de letras, oca...) referidos á cultura clásica e dispoñibles no departamento. Xogos de internet: Educaplay, Kahoot... Estes xogos son beneficiosos non só para a adquisición e afirmación dos coñecementos, senón tamén para fomentar a participación.
- Consultas guiadas en internet.
- Saídas a lugares onde queden pegadas da cultura clásica para obter in situ información de primeira man. Por sorte, as viaxes non teñen que ser moi longas xa que os temos en moitos puntos da comunidade e incluso no contorno do propio instituto.
- Como se poder ver a metodoloxía aplicada vai encamiñada á adquisición de coñecementos desde un punto de vista crítico e tamén a fomentar a participación. Todas as actividades poden facerse de modo individual, en grupos de traballo ou a nivel colectivo. Obviamente o profesor e quen de valorar a rendibilidade dos métodos de aprendizaxe e cambialos ou innovalos cando o considere oportuno.

6. AVALIACIÓN

6.1. CRITERIOS XERAIS

A avaliación irá enfocada cara dúas direccións:

- Avaliación cara ao alumnado: valorar se os alumnos e alumnas conseguiron cumprir os obxectivos prefixados
- Avaliación cara ao proceso ensinanza- aprendizaxe: valorar se este proceso é o adecuado segundo os resultados, para poder modificalo se fose necesario. Este aspecto será desenvolto no apartado 6.1.2.

O proceso avaliativo terá tres puntos de referencia en cada unha das unidades:

1. **Avaliación inicial.** Farase no primeiro trimestre, e servirá para sondar o nivel escolar (coñecementos, expresión oral e escrita, situación social e familiar...) de cada alumno e alumna en particular e do grupo en xeral. Trátase de que todo o alumnado parta dun nivel semellante para garantir o éxito individual e colectivo.

2. **Avaliación de progreso.** Controlará, partindo da base da avaliación diagnóstica previa, o rendemento do alumnado e de todas as partes do proceso ensinanza-aprendizaxe (contidos, competencias curriculares, metodoloxía, avaliación) para poder modificalo se se considera oportuno. Esta avaliación implica un seguimento individual de cada alumno (comportamento na aula, participación, interese, probas de coñecementos específicas..) e tamén un seguimento do grupo. A súa función consiste en favorecer o éxito do proceso por medio das adaptacións curriculares oportunas, ben sexa a nivel individual ou colectivo. A avaliación é continua o que implica que os contidos xa aprendidos servirán de base para a sistematización dos novos, de aí que é importante conseguir os requisitos mínimos en cada ciclo avaliativo.

3. **Avaliación sumativa.** Partindo da base das outras dúas avaliacións, outorgarase a cada alumno e alumna unha cualificación que reflecta o seu grao de coñecemento segundo o nivel esixido para cada un dos ciclos avaliativos. Os criterios da avaliación sumativa especificaranse máis adiante no apartado 6.3. (avaliación dos contidos) e terán en conta a valoración tanto dos contidos conceptuais como os procedementais e actitudinais e as competencias curriculares.

6.2. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

Un aspecto moi importante na práctica docente é avaliación da mesma, así como da programación didáctica elaborada, sempre coa finalidade de mellorar e lograr unha maior eficacia do feito docente. Os indicadores de logro van servir para comprobar o funcionamento da programación e valorar a nosa actuación como docentes. Estes indicadores vannon permitir reflexionar sobre tres aspectos básicos:

- Os materiais que se utilizaron: se son accesibles, atractivos, suficientes...
- A planificación: se foron adecuados o número e duración das actividades, o nivel de dificultade, o interese que tiveron para os alumnos/as, a súa relevancia para o proceso de aprendizaxe, se estaban baseadas nos intereses do alumnado, se os obxectivos estaban ben definidos, se se atendeu á diversidade, ó uso das TICs, ós transversais...
- O impacto sobre o alumnado: se logramos motivar os alumnos, despertar a súa curiosidade, se lles ofrecemos a axuda que precisaban para mellorar, se participaron activamente, se conseguiron o seu máximo desenvolvemento...

Estes indicadores de logro incorporaranse en cuestionarios de datos dirixidos ao propio profesorado e tamén ó alumnado, que van servir para a recollida de datos. Finalmente, tras analizar o que pode ser mellorado, proporemos medidas de mellora nos tres ámbitos avaliados (materiais, planificación e motivación) e incorporaremos á programación os cambios que se acorden.

É esencial ter en conta que a avaliación debe servir para que o alumnado se beneficie das melloras durante o propio ano académico, de xeito que non habemos agardar ao final para valorar o traballo feito, senón que este debe ser valorado cada certo tempo para poder introducirmos os cambios o antes posible.

A avaliación terá en conta, ademais das probas concretas, as actividades realizadas polo alumnado na clase e os seus progresos ao longo de todo o curso, baseándose na rigorosa observación por parte do profesorado e nas anotacións efectuadas no rexistro persoal de cada un.

Será oportuno, ao rematar cada unidade, a realización dun test de preguntas que sirva tanto para controlar como para recapitular os coñecementos adquiridos.

Como criterios de avaliación propóñense:

- ✓ Situación no espazo e no tempo dos fenómenos máis relevantes da civilización romana que permanezan vivos no entorno.

- ✓ Recoñecemento de determinados costumes de hoxe ou tradicións aínda vivas á luz de textos ou situacións do mundo clásico.
- ✓ Realización dun traballo persoal sobre un tema clásico elixido libremente.
- ✓ Exposición de algún dos temas, máis ou menos longo, onde o alumnado poda expresar os seus coñecementos e onde quede reflectida a súa capacidade de redacción e síntese, así como a súa autonomía persoal.
- ✓ Preguntas concretas sobre os aspectos máis relevantes do mundo romano citados no programa.
- ✓ Recoñecer as personaxes mitolóxicas estudados e a súa influencia posterior na arte e na literatura.
- ✓ Recoñecer os distintos elementos que formaron o léxico do galego e do castelán ao longo da súa historia.
- ✓ Recoñecer a orixe común indoeuropea do grego e do latín e sinalar as liñas básicas de evolución do latín á lingua propia.
- ✓ Coñecer e comprender contidos básicos da gramática latina.
- ✓ Comprender e traducir ao galego e castelán textos latinos sinxelos

Con estas actividades preténdese avaliar o seguinte:

- ✓ A madurez do alumnado para situar espacial e temporalmente os fenómenos referidos á cultura latina.
- ✓ A capacidade de relacionar o pasado e o presente.
- ✓ A capacidade de investigación recorrendo ás fontes coa súa correcta interpretación e valoración.
- ✓ A corrección á hora de comparar, redactar e, chegado o caso, expoñer oralmente un traballo individual.
- ✓ Nivel de participación e interese do alumnado nas actividades da aula.
- ✓ Nivel de interese pola vida política e social.
- ✓ Comprobar en que medida o alumnado recoñece o latín como orixe das distintas linguas románicas, así como as importantes achegas léxicas do latín e o grego á linguaxe científica e técnica.
- ✓ Comprobar que o alumnado é consciente do parentesco entre as linguas de orixe indoeuropea.

6.3. AVALIACIÓN DOS CONTIDOS. CRITERIOS ESPECÍFICOS

Os criterios de avaliación dos contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais) e os das competencias curriculares non diferirán dunha unidade a outra; o que sí variarán serán o nivel e contidos das cuestións das probas para valorar o grao de coñecemento do alumnado. Estas cuestións e o seu grado de dificultade dependerán do exposto na periodización dos contidos para cada un dos cursos no apartado anterior. A avaliación dos contidos actitudinais e procedementais, e das competencias curriculares tamén seguirá os mesmos criterios xerais para todas as unidades e basearase tamén nos expostos no apartado anterior.

6.3.1 Avaliación dos contidos conceptuais.

Farase mediante probas individuais e seguindo os criterios específicos sinalados. En xeral a valoración das probas (coñecemento e aplicación de contidos, e competencias clave) suporá non menos dun 80% da cualificación final. O dez-vinte por cento restante será o traballo realizado na clase, na aula virtual e na casa.

Nas probas escritas formularanse preguntas xerais no que o alumno deberá expoñer un tema máis ou menos amplo, preguntas máis específicas sobre cuestións que é necesario memorizar, preguntas tipo test etc. En cada proba haberá cuestións de índole histórico-cultural (historia, arte, mitoloxía...) e preguntas relacionadas coa lingua latina (declinacións, verbos, análise e tradución de textos latinos sinxelos, retroversión) de dificultade progresiva dependendo dos conceptos adquiridos en cada unidade. Trátase non só de ver o nivel de coñecemento senón tamén a capacidade expresiva que determina en boa parte a

comprensión ou non dos conceptos adquiridos. Poderanse introducir outro tipo de preguntas, todas elas, non obstante, adecuadas ao nivel respectivo e non moi diferentes as actividades realizadas na aula. O número de preguntas será as que o profesor decida e o seu valor cuantitativo dependerá da entidade das mesmas pero cualificando sempre sobre 4-5 puntos o bloque histórico-cultural e outros 5-6 o bloque de lingua. Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia cando se vexa que manexa con soltura os contidos mínimos especificados anteriormente. É dicir, cando acade a cualificación global de 5 puntos e non haxa abandono de ningún dos dous bloques.

A nivel de porcentaxe, a 1ª avaliación supón un 20% da cualificación final, a segunda avaliación un 30% e a terceira un 50%; con isto tratamos de garantir unha maior precisión e coherencia no proceso de avaliación continua. En cada avaliación realizaránse unha o dúas probas escritas; no caso de que sexan dúas a segunda ponderará máis que a primeira.

Poderanse facer probas de recuperación.

O alumno que sexa sorprendido no acto de copiar nunha proba escrita non poderá continuar a facer o exame, quedando cualificado cunha nota de 0.

6.3.2. Avaliación dos contidos procedementais.

A avaliación dos contidos procedementais será moi útil non só para cualificar ao alumnado senón tamén para que o profesor valore a efectividade dos medios metodolóxicos utilizados, e os varíe se o considera necesario para facilitar a consecución dos obxectivos determinados para cada unidade e para cada curso. Neste apartado valorarase, tamén, a relación da materia coas outras áreas e, en certa medida, a aplicación das competencias curriculares.. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- ✓ Valorar o grao de aceptación e efectividade dos criterios metodolóxicos.
- ✓ Valorar a participación do alumnado nas actividades da aula e o seu grao de compromiso con elas.
- ✓ Valorar o grao de coñecementos por medio de exercicios como o comentario de textos, de videos ou diapositivas. Estes exercicios permitirán tamén coñecer até que punto o alumnado vai mellorando o seu nivel de expresión na lingua propia.
- ✓ Valorar o grao de motivación, individual e colectiva, do alumnado con respecto ás actividades programadas.
- ✓ Valorar, por medio de exercicios *ad hoc*, a consciencia por parte do alumnado da relación da cultura latina coas outras materias do currículo, no plano cultural e lingüístico.

6.3.3. Avaliación dos contidos actitudinais.

Neste apartado, entrará tamén, pola súa relación, a avaliación dos contidos transversais e a das competencias curriculares. O medio para posibilitar estas valoracións, aparte dos exercicios e actividades pertinentes, será a observación diaria do alumnado na clase e os comentarios que realicen sobre determinados temas. Os criterios serán os seguintes:

- ✓ Valorar nivel de comportamento e respecto do alumnos e alumnas cara o resto dos compañeiros, o profesor e a propia materia.
- ✓ Valorar o seu grao de interese por medio das súas preguntas, comentarios...
- ✓ Valorar o seu grao de respecto polas distintas culturas, linguas, razas e sexos.
- ✓ Valorar o seu compromiso coa democracia, tanto a nivel xeral como na propia aula.
- ✓ Valorar o grao de participación e implicación tanto nas actividades da aula como nas que se realicen fóra dela.

A avaliación dos contidos procedementais e actitudinais poderá repercutir na nota final.

6.4. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A avaliación das competencias básicas está practicamente recollida nos tres apartados anteriores aínda que se pode especificar un pouco máis.

Comunicación lingüística

- ✓ Valorar se o feito de estudar a lingua latina e grega nos seus aspectos básicos supuxo para o alumnado unha mellora no uso do galego e o castelán así como un enriquecemento do seu vocabulario en ditas linguas.
- ✓ Valorar se o alumnado é capaz de aplicar os contidos adquiridos para a comprensión e tradución de textos latinos sinxelos.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende e respecta , tras o estudo do latín, a importancia das linguas como vehículo de expresión cultural dos pobos.

Competencia dixital

- ✓ Valorar se o alumnado sabe utilizar fontes primarias e secundarias para conseguir información sobre os temas tratados.
- ✓ Valorar se o alumnado sabe aplicar técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias.
- ✓ Valorar se o alumnado sabe utilizar as novas tecnoloxías para a busca de información.

Competencias sociais e cívicas

- ✓ Valorar se o alumnado comprende a historia de Roma e de Grecia e a súa influencia na posteridade e, tamén, se comprende o valor da democracia fronte a réximes totalitarios.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende a necesidade e importancia da igualdade de sexos, respecta as distintas opcións sexuais e rexeita a discriminación racial.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende e valora a importancia dos distintos traballos ou oficios para o bo funcionamento da sociedade.
- ✓ Valorar se o alumnado é capaz de entender e comparar a vida cotiá e as diversións no mundo clásico coas actuais.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende que o diálogo é sempre mellor que a violencia.
- ✓ Valorar se o alumnado asimilou os cambios políticos e sociais ao longo da historia de Roma e, tras comparalos coa situación actual, xulgalos de forma crítica.
- ✓ Valorar se alumnado comprendeu o concepto de “ocio” a través do seu estudio na Antigüidade Clásica.
- ✓ Valorar se o alumnado comprendeu a importancia do estudio do vocabulario e da gramática como vehículo de comunicación na sociedade.
- ✓ Valorar se o alumnado asimilou os avances en igualdade (de sexos, clases e razas) desde o mundo antigo até a actualidade.

Competencias de aprender a aprender e de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- ✓ Valorar se o alumnado adquiriu destrezas para organizar a súa aprendizaxe e se, por medio desas destrezas, logra unha maior autonomía persoal para afrontar a aprendizaxe por se mesmo.
- ✓ Valorar se o estudo do vocabulario greco-latino e das etimoloxías serven para que o alumnado gañe destreza no uso do galego e castelán e, polo tanto, unha maior seguridade en se mesmo e unha maior autonomía persoal.

- ✓ Valorar se o alumnado sabe utilizar os coñecementos adquiridos para formar opinións críticas sobre distintos temas.

Competencias de conciencia y expresiones culturais

- ✓ Valorar se o alumnado sabe situar no tempo e no espazo a civilización greco-latina e os personaxes relevantes estudados no curso,
- ✓ Valorar se o alumnado sabe situar no tempo e no espazo as distintas provincias de *Hispania* e as pegadas máis importantes (vías de comunicación, edificios...) que se conservan hoxe en día.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende, reconece e asimila a permanencia na actualidade do legado artístico greco-latino
- ✓ Valorar se o alumnado comprende as lendas e a mitoloxía romana e o seu legado na cultura artística e literaria posterior.
- ✓ Valorar se o alumnado comprende a iconografía dos distintos mitos tratados no curso ao longo das súas representacións artísticas.
- ✓ Valorar se o alumnado descubre e respecta o patrimonio cultural clásico nas distintas provincias de *Hispania*.
- ✓ Valorar se o alumnado mellorou o seu vocabulario referido as artes con termos procedentes do latín e grego.

Competencia matemática y competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- ✓ Valorar se o alumnado asimilou a importancia dos avances no campo das matemáticas da ciencia e da tecnoloxía producidos tanto na civilización grega como na latina.
- ✓ Valorar se o alumnado e capaz de descubrir e comprender a importancia da influencia deses avances na actualidade.
- ✓ Valorar se o alumnado reconece a vixencia e importancia na actualidade da lingua latina e grega nos ámbitos científico-tecnolóxico e matemático.
- ✓ Valorar se o alumnado mellorou o seu vocabulario referido e eses ámbitos con termos procedentes do latín e grego.

Obviamente, a avaliación das competencias farase ao longo de cada unidade e segundo as traballadas en cada unha delas, xa especificadas. Para facelo, o docente apoiarse nas actividades e probas xa indicadas, nos apartados de metodoloxía e avaliación, pero tamén utilizará textos, vídeos, traballos no PC ou outros materiais non necesariamente vinculados ao mundo clásico, pero que lle podan servir para valorar que os coñecementos da cultura e a lingua latinas adquiridos foron útiles para a mellora de ditas competencias

6.6. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

En principio, o exame constará de entre oito e dez cuestións, do bloque de lingua (tradución e análise dun texto, preguntas sobre gramática e semántica con valor de hasta 6 puntos) e do bloque histórico- cultural (sobre historia, mitoloxía, vida cotiá... con valor de hasta 4 puntos), aínda que este modelo pode variar e o valor cuantitativo dependerá sempre da entidade das cuestións. O Departamento dará información sobre os contidos mínimos avaliábeis e os criterios de avaliación e axudará ao alumnado que o solicite a preparar a materia, ofrecéndolle os recursos necesarios e resolvendo calquera dúbida que se lle presente. Quedará superada a proba se se acada a cualificación de 5 puntos e non hai abandono de ningún dos dous bloques.

Criterios de avaliación

Non difiren dos aplicados no curso ordinario. Especificamente son os seguintes:

- ✓ Situar no tempo e no espazo as civilización latina. Recoñecer os principais centros políticos e culturais. Situar no espazo e no tempo as distintas etapas da historia de Roma e as súas características.
- ✓ Analizar e traducir un texto latino sinxelo. Avaliar os contidos gramaticais mediante exercicios específicos.
- ✓ Comprender e saber utilizar algunhas expresións latinas de uso actual. Saber a orixe latina dalgúns termos das áreas científico-tecnolóxica, lingüística, filosófica e artística
- ✓ Identificar os deuses e heroes da mitoloxía clásica estudados, as súas actuacións máis representativas e as pegadas da mitoloxía antiga na cultura de hoxe.
- ✓ Comparar as vida cotiá dos antigos romanos coa actual.
- ✓ Recoñecer os principais restos arquitectónicos do mundo antigo. Identificar as principais construcións romanas de Galiza e España.

Os contidos da proba basearanse sempre nos contidos mínimos especificados para este cursos no apartado 4.1. desta programación.

6.6.ALUMNOS QUE DESEXEN CAMBIAR DE OPTATIVA DURANTE O CURSO

Aos alumnos que desexen cambiar de optativa xa iniciado o curso escolar e cursar Latín, se lles proporcionará o material didáctico adecuado e se lles prestará a atención necesaria para que podan acadar o nivel do resto de compañeiros o antes posible. Queda ao criterio do profesor a posibilidade de realizar unha proba de nivel para certificar se o alumnado acadou os obxectivos correspondentes.

7.PLAN DE REFORZO

Se algún alumno non logra acadar os obxectivos , o profesor poderá modificar calquera dos elementos (obxectivos, contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación) desta programación didáctica para dar resposta as diferentes necesidades educativas dos alumnos e das alumnas, sempre de acordo coa orde da Consellería de Educación do 6 de outubro de 1999 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Esta adaptación terá que ser, en todo caso, individualizada, tendo en conta non só a capacidade do alumno ou a súa puntual inadaptación a algún dos elementos do currículo, senón tamén o seu entorno familiar e social.

As medidas de reforzo, polas que o alumno ten que amosar interese e solicitar, teñen que ser pois individualizadas e diversas (poden ser exercicios, lecturas, redacción, comentarios, exposicións orais...) dependendo das necesidades de cada alumno e, sobre todo, atendendo ás competencias clave que o alumno en cuestión non logre acadar.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste apartado o Departamento se compromete a seguir as directrices marcadas para cada caso en colaboración co titor/a do grupo e o Gabinete de Orientación do Centro.

9. ALUMNOS REPETIDORES

Neste apartado o Departamento considera que se poden dar tres situacións:

-Que o alumno repetidor afronte o curso cunha actitude máis positiva que o anterior e supere a materia con normalidade.

-Que o alumno repetidor afronte o curso con actitude positiva pero que non logre acadar o nivel esperado. Entón aplicaráselle as medidas de reforzo indicadas no apartado 7.

- Que o alumno repetidor non afronte o curso con actitude positiva por diferentes motivos. Entón o profesor seguirá as directrices marcadas para cada caso en colaboración co titor/a do grupo e o Gabinete de Orientación do Centro.

10. OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO

10.1. Plan Lector

O Departamento decidiu colaborar co Plan Lector do Centro proponendo as seguintes lecturas que serán seleccionadas segundo o nivel do curso:

- Textos breves relacionados coa mitoloxía.
- Fragmentos da novela de Eduardo Mendoza *Pomponio Flato*.
- Fragmentos do libro *Última Lexión*.
- Selección das *Fábulas* de Fedro e dos *Epigramas* de Marcial
- Gabinete de curiosidades romanas, de J.C.McKeown (ed.Crítica).

Enlaces:

<http://www.culturaclasica.com/>

<http://www.luduslitterarius.net/>

<http://www.iesfuente.org/departamentos/latin/index.htm>

<http://www.chironweb.org/wiki/index.php/Portada>

http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/esmapa.php#

<http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm>

<http://platea.pntic.mec.es/anilo/mitos/00indice.htm>

Os textos serán escollidos pola súa temática (relacionados con cuestións do mundo clásico como a mitoloxía ou vida cotiá), polas súas formulacións sobre cuestións éticas ou relixiosas e pola súa amenidade, procurando alternar a prosa e verso e os distintos xéneros literarios.

Para traballar sobre eles seguirase o modelo que nos proporcionarán os responsables do Plan Lector.

10.2. Excursións e outras actividades extraescolares

Este curso escolar poderáselle facer unha viaxe a A Coruña para presenciar o festival de teatro clásico. Tamén, se hai voluntarios, presentámonos ao concurso Odisea, organizado pola SEEC Galicia. Estudarase a posibilidade dunha excursión a Caldoval (Mugardos).

As demais actividades iranse facendo segundo a oferta e as posibilidades do Departamento e do Centro.

Ana I. Vizoso Benavente
Xefa do Departamento